

## A II República.

Por primeira vez na historia do noso pobo unha asociación cultural, como é, Sacabeira, ten o valor de facer un acto en recordo do goberno lexítimo da II República, pero non só en recordo senón tamén na procura dos ideais dese goberno e no fomento do republicanismo.

Este ano cómprese o 75 aniversario da proclamación da República, proclamación que se fixo o 14 de abril do 1931. Hai que lembrar que a consecución da República foi un feito democrático conseguido tras unhas eleccións municipais e que rematou por un golpe de estado fascista.

A II República foi unha época na que España viviu unha pequena transformación cultural, social e política con iniciativas tan importantes como a posibilidade de voto para as mulleres, a construción e contratación de escolas e profesorado para eliminar o analfabetismo ou unha mellor vertebración do estado español por medio dos Estatutos de Autonomía.

Sen embargo, cremos que unha verdadeira concentración en recordo da II República non debe quedarse niso, senón que, debe ser un recordo e un acto de compromiso con estes gobernos lexítimos que houbo dende o ano 1931 ata o 1936.

Ademáis este ano creemos que debe ser o ano en que se recorde con máis forza á Corporación que houbo no noso pobo elexida no ano 1936, nas eleccións que lle deron o poder ó Frente Popular e que suscitaron o golpe de estado fascista. Esta Corporación, que foi elexida hai 75 anos, foi maioritariamente asesinada polos golpistas. Esta corporación estaba composta por:

- Balbino Cerdeiras Rey. Alcalde. Partido Galeguista
- Victoriano Xavier Soto Valenzuela. Primeiro Tenente de Alcalde, Izquierda Republicana
- Higinio Fojo Milia. Segundo Tenente de Alcalde. Unión Republicana
- José Seco Catá. Terceiro Tenente de Alcalde. PSOE
- Enrique Vázquez Fernández. Cuarto Tenente de Alcalde. Partido Comunista de España
- Ángel Fraga Orosa. Rexidor Síndico. Izquierda Republicana
- Eugenio Pérez Abadín. Orga
- José María Prieto Fraiz. Orga. Sustituido por José López Martínez (PSOE)
- José Insua Iglesias. Orga
- José A. Pardo Ramos. Orga
- José Fernández Picos. PSOE

- Julián Hernández. PSOE. Sustituido por Carlos Morris Soriano (Unión Republicana)
- Luis García Blanco. PSOE
- Cesar Parapar Suegras. Partido Galeguista
- Modesto Vilar Insua. Partido Galeguista
- Modesto Cociña González. PSOE
- José Dopico Dopico. Izquierda Republicana
- Isaac Albo. Unión Republicana
- José Castro. Partido Comunista de España

Consideramos que o poñerlle nomes as rúas de republicanos e republicanas ilustres debe ser o primeiro paso, pero non o último, debemos recuperar a memoria e loitar polo que é lexítimo, ser ou considerarse republicano é condición de tódolos días e non só cada 14 de abril.

Sen máis, recordemos a República e loitemos pola democracia e polo que é lexítimo.

Saúde e República.